



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN TOMÉ

NIVEL: 5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)

36015093

DATA:



ÍNDICE

- 1. Introducción-contextualización.**
- 2. Áreas e bloques de contidos.**
- 3. Competencias.**
- 4. Avaliación e cualificación.**
- 5. Adaptacións referidas á atención a diversidade.**
- 6. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 7. Información e publicidade.**



1. Introducción

Nun contexto social excepcional provocado pola pandemia do COVID-19, a realidade educativa sufriu un xiro repentino de escenario, medios e procedementos que tiveron que ser adaptados seguindo as pautas lexislativas correspondentes.

Todos os mestres que imparten neste nivel, ao que vai dirixido este documento, reuníronse telematicamente e decidiron de xeito conxunta o contido de todos os apartados que compoñen dito documento e que seguidamente se especifican.



2-ÁREAS E BLOQUES DE CONTIDOS.

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

O CORPO E A PROPIA IMAXE

- O esquema corporal.
- Os sentidos a través da experimentación.
- Identificación nun mesmo e nos demais dos sentimentos e emocións básicos.

XOGO E MOVEMENTO

- Desprazamentos, equilibrios e saltos (hacia diante, hacia atrás...).
- Xogos diversos que impliquen movemento.
 - As normas nalgúns xogos.
- Satisfacción polo progresivo dominio e control do propio corpo.

A ACTIVIDADE COTIÁ

- Normas de relación e convivencia na casa.
- Concienciación de valorar e respetar as normas tanto no fogar como na rúa.
- Gusto por rematar as tarefas que empeza.

O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE

- Hábitos de hixiene saudable (lavar as mans, a importancia do aseo personal...)
 - Autonomía progresiva.



COÑECEMENTO DO CONTORNO

MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

- Formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e óvalo.
 - A serie numérica do 1 ó 10.
- Nocións espaciais básicas: arriba, abaixo, dentro, fóra, ós lados, arredor, entre.
- Nocións temporais moi contrastadas e asociadas a momentos do día: día/noite, calendario.
 - Cuantificadores básicos: moitos, poucos, algún, ningún.
 - Realización de series.
 - Asociación de grafías a cantidades.

ACHEGAMENTO Á NATUREZA

- Contorno natural: climatoloxía (primavera, verán)
- Os seres vivos: mundo animal (peixes, marisco) mundo vexetal (mariño: alga e prantas do mar)
 - A paisaxe próxima: o porto de Santomé
 - A contaminación ambiental e marítima: os plásticos, o carburante,...
 - Consecuencias de tirar basura ó mar.
 - Posibles solucións á contaminación marítima.
 - Actitude respetuosa cara o medio mariño.



CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Os membros da familia, a casa e as súas dependencias.
- Medios de comunicación: television, internet, prensa...
- A sociedade: normas cívicas, de circulación, de hixiene nas rúas, as tendas...
 - Normas e modos de comportamento axeitados.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

LINGUAXE VERBAL:ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- A linguaxe oral como elemento de comunicación e gozo.
- Gusto por escoitar a outras persoas e comprender o que nos din.
- Cultura oral do grupo social ó que pertence: cancións, adiviñas, contos, poesías...

LINGUAXE VERBAL: APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA. ACHEGAMENTO Á LITERATURA

- A linguaxe escrita como elemento de comunicación e disfrute (a hora do conto, inventor historias...)
 - Aproximación á lectoescritura cun carácter significativo.
 - O vocabulario básico relacionado co medio mariño e as súas profesións.
 - Desenvolvemento da lateralidade.
 - Trazos grafomotrices cun avance progresivo na súa dificultade.

LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA

- Elementos plásticos: cor, forma, textura, espacio,...
- Técnicas plásticas (pegado, recortado, debuxo..) como medio de expresión e comunicación.
 - Uso axeitado do material e coidado do mesmo.



LINGUAXE ARTÍSTICA: MUSICAL

- Interese polas actividades expresivas musicais.

LINGUAXE ARTÍSTICA: CORPORAL

- As posibilidades expresivas do corpo.
 - Gusto pola actividade corporal.

LINGUAXE AUDIOVISUAL E TIC

- Aproximación a producións audiovisuais: películas, videoxogos...
- Concienciación no uso moderado das novas tecnoloxías: tablet, móbil,...

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Interese por cancións, videos e contos na lingua estranxeira.
- Gusto pola realización das actividades propostas na lingua estranxeira.



3- COMPETENCIAS

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Utilización da linguaxe tanto como instrumento de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións.
COMPETENCIA MATEMÁTICA	Utilización e relación de números, operacións básicas, símbolos, razoamento matemático, aspetos cuantitativos e especiais da realidade e resolución de problemas da vida cotiá.
COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO.	Comprensión de sucesos, predicción de consecuencias, coidado do medio natural e protección da saúde individual e colectiva.
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL	Búsqueda, obtención, selección, procesamento da información e transformación da mesma en coñecemento.
COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	Relacionarse cos demais, cooperación, ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptación das diferenzas e respecto polos valores, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.
COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	Coñecemento, comprensión, valoración e apreciación de diferentes manifestacións culturais e artísticas.
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	Dispoñibilidade de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma.
AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL	Desenvolvemento de valores persoais como a autoestima, a seguridade nun mesmo, a demora da satisfacción e a capacidade para enfrontarse aos problemas.



4-Avaliación e cualificación

Avaliación	Técnicas	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación de tarefas/vídeos/fotos enviadas ● Revisión das tarefas ● Investigacións ● Entrevistas coas familias
	Instrumentos	<ul style="list-style-type: none"> ● Rexistro anecdótico ● Valoración de realizacións prácticas <p>- Táboas de indicadores</p>
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> ● Toda a información recollida a través da avaliación continua ao longo do curso escolar. ● Indicadores específicos do XADE. 	

As familias poden comunicarse cos mestres a través do correo electrónico ou abalar móbil. Dende ahí nós contestamos ás súas dúbidas e preguntas.

Tamén nos envían por correo, as fotos e vídeos de traballos feitos polo alumnado dende casa e que nos serve ás mestras para poder valorar o traballo e esforzo diario que están facendo. Así como observamos a evolución de cada alumno e os logros adquiridos.

Con esas fotos e vídeos elaboramos a finais de semana uns vídeos que colgamos no blog para que o alumnado se vexa facendo as tarefas propostas ó longo da semana. E así verse eles arroupados polos compañeiros de nivel e verse eles mesmos traballando, procurando na medida do posible que se sintan como clase unida, a pesares das circunstancias que estamos a vivir.



5. Atención á diversidade

Medidas adoptadas	<ul style="list-style-type: none">○ Creación dun curso propio na aula virtual para o alumnado con adaptación curricular ou que recibía apoio educativo por parte da pt.○ Proposta de tarefas nese curso acorde ás características dese alumnado.○ Sesións en webex co alumnado de AL.○ Seguimento por parte do Departamento de Orientación a través de chamadas/videochamadas.
--------------------------	---

En **4 ANOS A** reciben apoio 2 nenos con dificultades lingüísticas con atención da profesora de Audición e Linguaxe. Estes dous nenos teñen unha carpeta propia na aula virtual onde ademais de facer as tarefas do seu grupo reciben pautas para mellorar os aspectos lingüísticos a traballar. Dicitos que a maiores reciben sesións periódicas individuais a través da SALA WEBEX da mestra de AL.

En **4 anos B** recibe apoio da mestra de Audición e linguaxe un neno con espectro autista. Na aula virtual ten unha carpeta propia para el onde pode facer as tarefas adaptadas da clase así como as tarefas da especialista en AL. Ademais recibe sesións periódicas individuais a través da SALA WEBEX da mestra de AL.



E

6. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre		
Actividades	Repaso e reforzo	<p style="text-align: center;"><u>LECTO-ESCRITURA:</u></p> <p>*O alumnado deste nivel educativo encóntrase en distintas etapas dentro do proceso lecto-escritor, no cal inflúen as relacións espacio-temporais, a coordinación óculo-motriz, a percepción e discriminación auditiva, a atención ou o dominio da liguaxe, entre outros máis.</p> <p>Polo que deberemos respetar a madurez de cada neno e nena e a etapa na que se atopa, así como motivalos cada día para seguir avanzando.</p> <p>*Os pais xogan un papel crucial pois a través da lectura dos pais hacia os fillos se desenvolve o gusto pola lectura. E comentando ideas que saen nas lecturas, etc., axuda a desenvolver as habilidades orais.</p> <p>*A metodoloxía empregada segue un método ecléctico, entre o global e o sintético fonético.</p> <p>* Por iso en 4 anos, a través das actividades expostas a continuación, pretendemos que se traballe: falar ben e tomar parte nas conversas, comprender as historias lidas ou oídas en voz alta e poder comentalas, recoñecer e nomear as palabras do abecedario, distinguir os sons da lingua falada, relacionar sons coas letras, ler frecuentemente para recoñecer as palabras e utilizar outras novas, e por suposto, comprender o que le.</p> <p style="text-align: center;">Actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaborar a lista da compra a través de palabras significativas para o alumno . - Confeccionar unha serie de normas polas que se rixe a vida no fogar e tamén a elaboración das normas a ter en conta para saír á rúa. - Contar o que fixeron o día anterior, cal é o seu personaxe preferido e por qué , expresar sentimentos e emocións,... - Optimizar a pronunciación e a consolidación dos fonemas a través dos relatos e conversas coa xente da casa. - Extraer conclusións dos contos. -Audición de contos e vídeos relacionados co medio mariño e coa contaminación dese medio. - Xogos co seu nome como o de buscar cualidades que comecen polas letras do nome. - Traballar a amizade a través de actividades como a estrela da amizade: onde escribirán o nome do seu mellor amigo na



	<p>estrela así como cualidades dese amigo. - Escribir o nome dos familiares que están con eles na casa e contar as letras, qué nome é máis largo, máis curto,...</p> <p>* Respecto á motricidade fina trabállamola facendo o trazo das letras e números tanto con lápices de cores, con plastilina ou facendo o trazo nunha superficie de fariña . Repasando o trazo dos números e letras de maneira lúdica, con distintos materiais: pintaúñas, pintalabios, ténpera..... Asociando a grafía do número á cantidade que representa mediante xoguetes e outros obxectos do fogar.</p> <p>* A coordinación óculo-manual trabállase a través de actividades con botóns, con pinzas ou facendo filas de xoguetes ou pezas de construción. E outras xa explicadas arriba.</p> <p>* As actividades de sopro trabállanse dun xeito lúdico mediante laberintos ,globos, facer burbullas...</p> <p style="text-align: center;"><u>LÓXICA-MATEMÁTICA:</u></p> <p>Trabállase en actividades como:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rexistrar o día no calendario , o mes, o tempo que fai... -Ir agregando botóns nun fío de lá a medida que se suceden os días. - Contar os días que pasaron do mes e os que faltan para rematalo. Contar a partires dun día e concreto... - Pesar, medir ou comparar cantidades en distintos experimentos feitos polos nenos. - Empregar os cuantificadores moitos-poucos , ningún en actividades feitas no fogar. - Traballar as posicións no espacio (topoloxía) experimentando primeiro co seu propio corpo e logo cos seus xoguetes: arriba, abaixo, arredor, dentro, fóra,... para pasar despois ó papel. - Discriminar conxuntos que son equivalentes e outros non equivalentes, subconxuntos.. - Distinguir entre grande, mediano e pequeno ou largo e corto, por exemplo, a través dos tamaños dos peixes ou mariscos. - Traballar a curva aberta e cerrada a través de cordas, cordóns, etc. - Buscar pola casa obxectos que teñan forma triangular, cadrada, circular ou rectangular.
--	--



		<p style="text-align: center;"><u>EDUCACIÓN ARTÍSTICA</u></p> <p>Traballámola en actividades como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realizar debuxos acerca do que fixeron o día anterior. - Debuxar persoaxes que van saíndo nos contos. - Debuxar e ilustrar ós membros da súa familia. - Collage elaborado polos nenos do mundo mariño. - Vídeos feitos polas mestras para a elaboración de actividades guiadas: a estrela da amizade, o día do planeta terra, construír unha ra, etc. - Pintar con pintura de xeadado. - Mesturar cores. - Cociñar e comer.
Ampliación		<p style="text-align: center;"><u>LECTO-ESCRITURA</u></p> <p>-Coñecer o vocabulario relacionado coa labor das mariscadoras, os seus aparellos, os mariñeiros, as embarcacións pesqueiras , a pesca de cerco, as bateas, os produtos do mar , as depuradoras, a lonxa, a praza...</p> <p>*Traballamos, así, a lectoescritura a partir dun vocabulario cercano, significativo e próximo ao alumnado, que forma parte de seu contorno.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer o vocabulario relacionado coa contaminación dos mares e dos océanos. - Elaboración dun mural para o día da terra (22 e abril) con ideas de cómo manter o planeta máis limpo e creando así conciencia no alumnado polo coidado e respecto do contorno que nos rodea. -Traballar as emocións e sentimentos do alumnado para intentar canalizalas o mellor posible, nestes días de confinamento. A través de actividades con globos, actividades onde se traballan as virtudes do alumnado ou facer un autorretrato. - Reforzo das grafías en maiúscula a través de titoriais onde se traballan os trazos que contén cada letra.
		<p style="text-align: center;"><u>LÓXICO-MATEMÁTICA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Elaboración de pequenas sumas e ao mesmo tempo descomposición do número a través de obxectos e materiais que se atopan polo fogar.



		<ul style="list-style-type: none"> - A serie numérica do 1 ao 10. Ascendente e descendente. - Familiarización cos símbolos matemáticos : maior, menor e igual. Traballando así as cantidades. - Elaborar mediante palillos e plastina , con limpapipas, etc: cadrados, rectángulos e triángulos . - Construír figuras con formas xeométricas (un peixe con triángulos). * Son algunhas das actividades que realizamos para traballar as figuras xeométricas. - A <u>lateralidade</u> traballárase a través de xogos como levar co dedo unha moeda por unha liña ou facer laberintos.
		<p style="text-align: center;"><u>EDUCACIÓN ARTÍSTICA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballaranse distintas técnicas plásticas a través da elaboración dun pulpo cunha cartulina, dun peixe cunha botella de plástico, dun collage do fondo marino con diversos materiais de reciclaxe, dun cadelo con plastilina..... - Experimentos onde se traballan a mestura de cores e incluso de sabores. * Estas actividades conlevan: o uso de distintas técnicas plásticas , a utilización de distintos instrumentos, o descubrimento de cores secundarias, etc. Así como o disfrute da elaboración en familia. - <u>Sesións de ioga</u> a través de titoriais.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Con conectividade</p>	<p><u>Vídeos coa presentación do contido</u> Tarefas relacionadas co vídeo/texto. Problemas de aplicación a situacións da vida cotiá.</p>
	<p>Sen conectividade</p>	<p>Envío en papel das tarefas, adaptando a presentación do contido a ese formato.</p>
<p>Materiais e recursos</p>		<ul style="list-style-type: none"> ● Vídeos de produción propia ● Vídeos externos (youtube, eduteca, happy learning...) ● Presentacións de produción propia (genial.ly, pdf) ● Videocontos ● Audios de produción propia ● Videoconferencias ● Aula virtual / web do centro / blogs



7. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Empregaranse as vías de comunicación habituais neste tempo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación xeral a través de abalarmóbil. <ul style="list-style-type: none"> ○ Información xeral da situación educativa. ○ Comunicados de centro. ○ Comunicados de aula. ○ Salas de mensaxería para temas diversos. ○ Mensaxes privadas a alumnado concreto. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe das tarefas entregadas ▪ Informe de non conexión (co obxectivo de detectar dificultades, non inquisidor) • Comunicación na aula virtual/plataforma EVA. <ul style="list-style-type: none"> ○ Plan de tarefas. ○ Vídeos explicativos. ○ Convocatoria de videoconferencias. ○ Propostas voluntarias (vídeos, actividades). • Webex: <ul style="list-style-type: none"> ○ Explicación de tarefas concretas. ○ Aclaración de dúbidas a alumnado. ○ Sesións de titoría. <p>Sesións de PT e AL</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Abalarmóbil de centro para as familias con enlace ao documento</p>